

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA
24 DE FEBREIRO DE 2014. NÚM. 2/2014.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.) .
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Toma de posesión da nova concelleira do grupo do PSdeG-PSOE.....	páx. 3
3.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx. 4
4.- Expediente de modificación de créditos número 1-P/2014.....	páx. 10
5.- Modificación da Ordenanza reguladora de Axuda no Fogar.....	páx. 12
6.- Expediente de aprobación da Ordenanza Reguladora da Tenza de Cans no Casco Urbano do Concello de Lalín.....	páx. 14
7.- Mocións do PSdeG-PSOE	páx.16
7.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde ou do Concelleiro delegado de Urbanismo.....	páx. 16
8.- Mocións do BNG.....	páx. 18
8.1.- Moción do BNG solicitando a derogación das leis contra as mulleres..	páx..18
8.2.- Moción do BNG para garantir a asistencia sanitaria aos galegos que saian fóra do Estado por máis de 90 días.....	páx. 19
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 21

=====

Sendo as dez horas do día **24 de febreiro de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA DO GRUPO PSDEG-PSOE D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ .-

Procédese a efectuar a toma posesión do cargo de concelleira polo grupo socialista *D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez*, logo da renuncia presentada por *D^a. Beatriz García Iglesias* na sesión do Pleno da corporación celebrada o pasado día 27 de xaneiro de 2014 e unha vez recibida a Credencial de concelleira remitida a este Concello pola **Junta Electoral Central**, de data 6 de febreiro de 2014.

A estes efectos o *Sr. Secretario* constata a presentación, por parte de ***D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez***, da declaración de bens e dereitos, dunha banda, e a declaración de actividades pola outra.

D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez procede a xurar o seu cargo pronunciando a seguinte fórmula:

“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Lalín, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Xa que logo, cumpríndose todos os requisitos establecidos na normativa vixente o Sr. Alcalde-Presidente dálle posesión do seu cargo neste intre como edil deste Concello de Lalín e

a todos os efectos legais a **D^a. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez**, integrándose de seguido esta nova corporativa e tomando asento entre as filas do grupo municipal socialista, e formando parte das mesmas Comisións Informativas como titular ou suplente que a concelleira substituída.

A indicación do voceiros socialista, queda como vogal do Padroado Cultural de Lalín, D.J.A. Cristóbal Fernández Vázquez.

3.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1-P/2014.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 20 de febreiro de 2014.

Na exposición da proposta, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do expediente e os cambios que se recollían no mesmo. Había cinco mil cincocentos euros para adquirir o vehículo da grúa municipal e dez mil cento vinte e catro euros con sesenta e oito céntimos de euro para o alumeado do Espiño.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que eles estaban a prol do cambio para o alumeado na zona de Espiño; tamén necesitaban coñecer algúns datos sobre a municipalización da grúa.

Nesta clase de servizo, por principios de partido, estaban a prol de que os prestase a administración e non estivese privatizado. Non obstante tiñan algunha dúbida polo feito de comprar o vehículo sen pasar polo concurso, e porque este servizo, tal e como estaba configurado agora, presentaba un afán recadatorio máis que de servizo aos cidadáns. Pidiu que isto cambiase.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén estaba a prol de mellorar o alumeado público do Espiño e tamén da municipalización da grúa, porque estaba no ideario do seu partido xa que se trataba dun servizo público aos cidadáns.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** coincidía tamén coas verbas anteriores e votaría a favor.

Polo grupo de goberno, o Sr. Alcalde-Presidente **D. José Crespo Iglesias** explicou que o coche a adquirir estaba en bo estado, "*moi coidadiño*" e saía máis barato que se se comprase novo, que custaría entre trinta e corenta mil euros. Coidaba que duraría anos. A súa compra fíxose de acordo coa normativa e a lexislación, e polo seu importe podía facerse así. Sinalou que a empresa Dornier S.A., concesionaria da grúa, non vía rendible o servizo, ademais de que o Concello poñía o lugar para a garda dos vehículos. Esperaba que da man municipal o servizo non tivese déficit ou este fose mínimo. O servizo era unha obriga municipal porque ao ter a taxa de vados, calquera veciño podía recabar a utilización da grúa. Esperaban

que fose ben no futuro deste xeito e xa se vería.

Contratarase a unha persoa no servizo aínda que non se poderá dar servizo as vinte e catro horas do día. Agora tampouco o facía.

De seguido defendeu o sistema de privatización dalgúns servizos como era o de abastecemento e tratamento de auga, que antes tardaban dous ou tres días en efectuar a reparación; agora Espina y Delfin S.L. facíao rapidamente. Aforrárase moitísimo, e todos os concellos de calquera cor tiña privatizado este servizo, sobre todo os de máis de vinte mil habitantes.

Sometido a votación ordinaria o expediente coa proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Tense incoado expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2014 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

Existe a urxente e inaprazable necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, e co obxecto de dotar de crédito os seguintes investimentos:

a) A reforma e adecuación de liña de alumeado público no lugar do Espiño, necesario neste momento para a axeitada prestación do servizo de alumeado público.

b) A adquisición do vehículo adscrito ó servizo de grúa municipal, propiedade da empresa concesionaria que, ante a proximidade da finalización do seu contrato, está disposta a vendelo ó Concello polo prezo de 5.500 €, IVE incluído, sendo esta unha opción que se considera favorable ós intereses económicos do Concello, á vista da documentación que se xunta ao expediente.

Tendo en conta o informe favorable de Intervención de data de 17 de febreiro de 2014, no mesmo sentido que a proposta, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de Modificación orzamentaria número 1-P/2014, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
165.633.08	Iluminación pública. Reforma e adecuación alumeado público en Espiño	10.124,68
133.624.00	Ordenación do tráfico e do estacionamento. Material de transporte	5.500,00
	TOTAL ALTAS	15.624,68 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas,

cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
211.160.00	Pensións. Seguridade Social	15.624,68
TOTAL BAIXAS		15.624,68 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, exporase ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE AXUDA NO FOGAR.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Sra. Concelleira Delegada de Benestar e Emigración de data 11 de febreiro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 20 de febreiro de 2014.

Desde o grupo de goberno **D^a Paz Pérez Asorey** expuxo o contido da proposta. Todo veu a raíz do Decreto da Xunta de Galicia nº 149/2013 que obrigaba a modificar as ordenanza municipais, se ben permitía continuar e manter cos usuarios a prestación deste servizo. Afectaba ao cómputo de partida dos usuarios, e mantíñase o prezo ao público deste servizo en 11,62 €/hora, dos máis baixos que había. En suma, daríase o mesmo nivel na prestación deste servizo aos usuarios de Lalín que antes.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** adiantou o voto negativo do seu grupo. Non variaba o número de usuarios nas dúas modalidades de libre concorrencia e a dependencia, pero nos tramos cumpría introducir niveis máis baixos e os cambios encarecían todos os tramos. Suprímense os niveis 1, 2 e 3 e créanse os grados 1, 2 e 3. Este era un exemplo máis da política que a Xunta e Galicia practicaba, recortando nos servizos sociais. Eles xa propuxeron antes que se reducise. Nalgúns casos subiría do 66% ata o 90 % en prezo/hora. Había suba por todos os lados para os afectados que tamén chegaban ata un 33 % en varios tramos. En realidade esta norma da Xunta de Galicia era un pretexto para incrementar as achegas dos usuarios do servizo. Coidaba que debería empregarse o remanente de tesourería en servizos sociais que atendesen a colectivos e persoas necesitadas, e non gastalo só noutros fines como foi o rescate do Lalín Arena.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo en que o Decreto da

Xunta de Galicia obrigaba ao Concello a actuar e a efectuar recortes, algo que era unha política da Xunta de Galicia e que desde logo non favorecía aos máis necesitados nin afectados. Por principios votarían non. O Concello podía facer moito máis e atender, por exemplo, aos dependentes, fronte ao despilfarro que houbo no Concello nestes anos de atrás.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** admitiu que se enmarcaba na política de redución das prestacións sociais. Votaría non.

De novo **Dª Paz Pérez Asorey** sinalou que non había unha lista de espera importante neste servizo. Doutra banda indicou que os remanentes de tesourería da liquidación de exercicios económicos anteriores non podían empregarse para estes fins, entre eles os que dicía a oposición. Non se pode facer. Os cálculos estaban aí.

De novo **D. Manuel María González Aller** admitiu que había que adaptarse á lei á forza. Pero vía poucas voces en contra desta medida especialmente por parte do Concello, aínda que era grave porque supuña recortar prestacións e aumentar os custos. Preguntou á Srª. Interventora se podía empregarse para este fin.

A funcionaria en cuestión, **Dª. Marta Oviedo Creo**, indicou que só podía empregarse o dito remanente para reducir a débeda municipal, e non para facer fronte ao gasto corrente.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14)

Votos en contra: sete (7) sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **APROBOUSE** a proposta do seguinte tenor:

O servizo de axuda no fogar configúrase como un programa básico dentro dos servizos sociais comunitarios que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas e familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora busca, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo de atención.

En data 24 de setembro de 2013 a Consellería de Traballo e Benestar publica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Na súa disposición derradeira cuarta estipula que as corporacións locais disporán dun prazo de seis meses para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste decreto. De aí a necesidade de aprobar unha modificación da ordenanza do servizo de axuda no fogar e do seu prezo público para adaptarse a este mandato normativo.

En base ao anteriormente **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar.

Segundo.- Derrogar a Ordenanza Reguladora de Axuda no Fogar publicada no BOP

nº 186 de 27 de setembro de 2013 cando o texto normativo, que se presenta para a súa aprobación, entre en vigor.

Terceiro.- Que a Ordenanza que se aproba inicialmente sexa exposta polo prazo de trinta días na Secretaría do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o Pleno, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Cuarto.- A Ordenanza considerárase definitivamente aprobada, de conformidade co artigo citado no apartado anterior, se durante o citado período non se presentasen reclamacións.

6.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TENZA DE CANS NO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LALÍN.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Actividade Agraria e Medioambiente de data 17 de febreiro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 20 de febreiro de 2014.

Desde o grupo de goberno o edil delegado de medio ambiente, **D. Manuel Fernández López** expuxo o contido do expediente. Indicou que, tras os debates da comisión informativa remitiuse copia á oposición da nova redacción da ordenanza, corrixindo algúns fallos e aspectos que se viron entón.

O texto da norma non era a ordenanza de medio ambiente que sempre reclamou a edil socialista que renunciou na sesión anterior.

No texto recollíase que o Concello tería competencias para instruír e sancionar expedientes por faltas leves; nos expedientes de faltas graves e moi graves sería competente a Xunta de Galicia, segundo a Lei de 1993 que estaba vixente. Finalmente recollía o tema da instrución destes expedientes, algo que se debateu na sesión da comisión informativa; en todo o non previsto na ordenanza rexería o disposto na dita lei.

Coa ordenanza buscábase unha mellor convivencia entre todos no casco urbano, xa que había queixas en relación cos excrementos dos animais nas vías públicas e nos espazos infantís.

Polo PSdeG-PSOE, **D. J. A. Cristóbal Vázquez Fernández**, en primeiro lugar referiuse á ordenanza de medio ambiente, como texto ao que se referiu a edil socialista anterior, *D^a. Beatriz García Iglesias*.

Lembrou que o edil delegado do medio ambiente tiña unha asignatura pendente de varios anos atrás. Na meirande parte dos concellos estaba vixente unha ordenanza xeral que regulaba moitos aspectos coma o medio ambiente, e non só cans, senón tamén outros aspectos da vida diaria no casco urbano como eran a tenza de galiñas, porcós, pombas e outras instalacións que se ubicaban no casco urbano que esixían adoptar outras normas de convivencia.

Despois de tanto tempo o grupo de goberno traía isto. Quedábase, pois, curta. Non había razón para regular os cans e deixar fora os cabalos, por exemplo.

No artigo 19 e no 10 podía falarse de silos, de animais soltos, de animais domésticos e de lugares.

No artigo 13 non quedaba claro o tema dos cans na vía pública.

O *Sr. Secretario* indicoulle que nas vías públicas só podían circular os vehículos. Os cans irían polas beirarrúas.

No artigo 13 dicía que os veciños poderán pedir aos donos dos animais que retirasen os excrementos. Non procedía.

Neste aspecto o *Sr. Secretario* indicou que era unha norma de convivencia, e que o termino “poderá pedir” non implicaba ningún aspecto negativo, nin era imperativo.

No artigo 14 podía recollerse a posibilidade de que se regulasen espazos públicos ou delimitados para deixar os cans soltos.

Había un cambio no expediente sancionador que antes non se regulaba.

Recomendou que se transcribisen no artigo 22 as contías exactas de pesetas a euros, e non se quedasen coas cantidades que figuraban na norma en debate, porque non eran as mesmas cambiadas en euros que había antes.

Adiantou que, se no prazo de seis meses o edil delegado se comprometía a traer unha ordenanza que abarcase os cans e outros animais domésticos dentro do casco urbano, apoiarían o expediente. No suposto negativo, absteríanse.

A meirande parte do texto xa estaba recollido na lei que estaba vixente desde o ano 1993. A norma quedábase, pois, curta, pero era un primeiro paso.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** pediu ao grupo de goberno que non gobernase deste xeito unilateral, e buscase o consenso cos grupos da oposición para elaborar estas normas xerais. Non lle estrañaba nada esta forma de actuar, porque sempre o fixeron así, pero pedíulles que cambiasen.

Estaba en desacordo coas multas que se podían poñer. Por exemplo había sancións de tráfico que ían desde douscentos a catrocentos euros. Por non levar debidamente o can pola rúa podían poñérselle trescentos euros. Faltaba proporcionalidade e pediu cambios neste sentido.

Non había razóns para sancionar aos cans soltos e aos cabalos non. Non o entendía. Por elo coidaba que a ordenanza debía abordar outros aspectos recollendo a tenza doutros animais e máis supostos, como dixo o voceiro socialista.

Doutra banda, botaba de menos que cando se sacaba unha norma xeral non houbera unha dotación económica para levala a cabo, e si en cambio que o Concello abordase cuestións como levar os cans soltos, o microchip, o rexistro municipal, etc.

Estaba de acordo en que houbera lugares públicos nos que os cans puidesen estar soltos, como espazos *light*.

Non se trataba de dar un golpe de efecto ou de oportunidade, se non se habilitaban estes espazos e se dotaba de cartos para levar adiante o cumprimento desta norma, todo era unha mera decisión de oportunidade política

Finalmente o réxime sancionador de faltas graves e moi graves conlevaba sancións moi altas.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** amosouse de acordo co texto, se ben tamén estaba disposto a que se habilitasen espazos nas zonas verdes ou espazos públicos para que os cans estivesen soltos.

Polo grupo popular, **D. Manuel Fernández López** afirmou que a norma proposta tiña sentido común. Tratábase de regular os cans no casco urbano, non no rural. En principio non se prevían zonas para cans soltos, porque estaba o rural para elo. Tampouco vía posible introducir a regulación doutros animais, coma os cabalos. A norma empezaba por algo. Máis adiante xa se verá. Agora a cuestión era empezar. Lembrou que estaba aberto a estudar a delimitación dun espazo pechado para que os cans estivesen soltos. En principio limitábase esta ordenanza á tenza de cans.

De novo **D. Camilo Conde López** estaba de acordo en que fose o primeiro paso. E votaría a favor, pero tamén vía excesivas as sancións e ao mellor había que reducilas.

De novo **D. Manuel Castro Fernández** reiterou que non sabía o que faría dentro de seis meses, polo tanto non podía asumir o compromiso que lle pediu o voceiro socialista. Pero ao cabo deste prazo, veríase o que pasaba.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que parecía a corrección do exame dun profesor a un alumno, en referencia á intervención do voceiro socialista. “Só se abordaba o tema dos cans, e cando haxa cocodrilos, abordaremos o problema”, afirmou. Deu ao edil delegado a noraboa polo traballo feito de presentar esta nova norma.

Por alusións **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicouse que en todo caso se trataba dunha corrección legal.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15), sendo catorce (14) dos concelleiros do PP e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: dous (2) dos concelleiros do BNG.

Abstencións: catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE.

Xa que logo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da tenza de cans no casco urbano do Concello de Lalín.

Segundo.- Expoñer o expediente ao público polo prazo de trinta días hábiles na Secretaría Xeral do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias ante o Pleno, de acordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro.- A Ordenanza considerárase definitivamente aprobada, de conformidade co artigo citado no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións contra a mesma.

7.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

7.1. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE OU DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 17 de febreiro de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 1001. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 20 de febreiro de 2014.

Desde o grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** expuxo o contido da moción indicando que o Concello, desde o ano 2004, encargou os traballos de adaptación do actual PXOM a unha empresa e a día de hoxe non se sabía nada do estado dos traballos. Existían varios problemas nos núcleos rurais que aconsellaban a realización de traballos de

delimitación nalgúns deles. Eles, como membros da oposición, non sabían nada. Había que ter en conta que coa última suba do IBI, que consideraba estes terreos como urbanos, moita xente estaba en desacordo coa cualificación e pretendía que se modificase. Por elo, volveu insistir: querían saber que se fixo sobre estes traballos de adaptación do PXOM e en que situación estaban os mesmos.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o seu voto favorable.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** tamén afirmou estar de acordo en aclarar os traballos que se fixeron.

Polo grupo popular **D. Román Rodríguez González** deu, en primeiro lugar, a benvinda á nova concelleira. Despois indicou que estes días estaban a traballar de novo co PXOM, documento que foi e era un bo instrumento para traballar e para Lalín. Non obstante, como sucedía moitas veces, en todo traballo sempre había algún punto negro.

Os núcleos rurais do PXOM foron os primeiros que houbo en Galicia adaptados á lei de 1997 que os delimitou na súa configuración actual. Daquela non había criterios técnicos algúns para a súa delimitación. No noso PXOM había 363 núcleos e loxicamente con elo moitas situacións diferentes dos terreos incluídos nos mesmos. Os lindeiros se fixeron de xeito lineal sen ter en conta as fincas existentes.

Agora quería lembrar que había en fase de elaboración unha nova lei do solo. A terceira desde o texto orixinal. *“Eu son poñente da nova lei, e hai unha comisión de trinta e nove persoas que a estudan”*, afirmou. Alí está **D. Roberto García** próximo ao grupo socialista e o día 27 deste mes que ven comparecerá. A prudencia aconsellaba esperar a que salga a nova lei.

No ano 2004 contratouse a modificación do PXOM en preto de cincuenta mil euros. Desde entón se fixeron algúns pagos parciais de preto de cincuenta mil euros en función dos traballos e dos prazos. Estes traballos están feitos, sobre todo os de cartografía e non están perdidos, é unha base importante para o traballo.

A prudencia aconsellaba esperar a ver como queda a nova lei, para poder continuar os traballos, e conservando da mesma o máximo posible. De non ser así, podía darse o caso de facer traballos e que non serviran para nada.

En suma daba estas explicacións pero non comparecería.

De novo polo grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** indicou que non estaba de acordo con estas explicacións. Afirmou que *“se esperabamos a que se adapte a nova lei ou saia outra nova, nunca se farán os cambios necesarios nin se daría solución aos problemas nin ás peticións do veciños”*.

Lembrou que as deficiencias do PXOM veñen de atrás, e se agravan con algúns temas como o TAV e a subida do IBI. Abordar esta situación é fácil e sinxela, basta con facer modificacións puntuais do PXOM sen facer un novo plan, con menos contidos e menos trámites. Os técnicos sabían perfectamente que núcleos presentaban problemas.

De novo **D. Román Rodríguez González** sinalou que as modificacións puntuais levaban practicamente os mesmos trámites que a redacción do PXOM.

Finalizou **D. Francisco Pérez Donsión** indicando unha vez máis que a solución era facer a delimitación de núcleos rurais, e non esperar a que saia a nova lei. Era isto o que había que facer, e resultaba bastante sinxelo, en caso de ter vontade de facelo e de solucionar os problemas dos veciños.

Na moción pedíase:

A comparecencia da Alcaldía e/ou do Concelleiro Delegado de Urbanismo para explicar que pasou e que

vai pasar coa adaptación do PXOM de Lalín á lei galega, que prexuízos está causando aos veciños e cantos cartos públicos se gastaron en dita adaptación, así como para contestar a todas as preguntas que se lle formulen sobre o asunto.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP .

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

8.- MOCIÓNS DO BNG.-

8.1.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES.

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 4 de febreiro de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 566. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 20 de febreiro de 2014.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG, explicou o sentido da mesma. Indicou que había unha serie de normas que limitaban a liberdade das mulleres e que reducían os seus dereitos en aras de supostos valores tradicionais, hoxe agochados. Había que pronunciarse, pois, en aras do dereito ao traballo e á liberdade das mulleres. O vindeiro día 8 de marzo era unha data importante. Había organizacións que xa se dedicaban a asesorar ás mulleres. A igual traballo debería corresponder igual salario. Había que recoñecer por enriba de todo a liberdade da muller coma un valor esencial. Finalmente leu a parte dispositiva da moción.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** coincidía en que había que potenciar o día 8 de marzo a declaración do día internacional da muller de traballadora. Esperaba que o Concello outorgase maiores facilidades ás mulleres, por exemplo co fin de conciliar a vida laboral e persoal, debía haber máis axudas. Tamén era coñecida de sobra a posición do PSOE contraria á proxectada lei do aborto.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que, desde logo, había aspectos negativos na proxectada lei do aborto cos que non estaba de acordo. En canto ás outras leis, contiñan tamén aspectos negativos, pero tamén o seu lado positivo. Por elo, absteríase.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González**, empezou indicando que estaba no debate unha moción tipo do partido político que a propuña. Tanto na moción coma na intervención subxacía unha idea base que se daba por suposta: que as leis aprobadas polo PP se fixeron contra as mulleres e ían contra este colectivo. Isto era falso, ningún partido, e menos o PP, facía leis contra as mulleres. Por elo "*negaba a maior*". A crítica non era xusta, porque a Xunta de Galicia facía as normas cun traballo social importante e neste partido, o PP, as mulleres mandaban moito e tiñan forza. Era máis, había organizacións que recibían máis subvencións que o propio PP.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que o título era o de menos; podía poñerse outro calquera. O que buscaba a moción era un pronunciamento a prol da igualdade das mulleres, e para elo debíase esixir que se cumpran as normas, que a lei do aborto vai contra elas, e que o Concello de Lalín emita unha declaración non baleira cada vez que se aproxima o día 8 de marzo. Había que denunciar tamén outros aspectos como era a precariedade laboral das mulleres.

Doutra banda entendía que só valen ou se consideran persoas as que vivan desde o nacemento, e non antes (concepción). Non lle valía a filosofía da nova lei do aborto que tentaba xustificar eses cambios.

De novo **D. Román Rodríguez González** rexeitou que se lexislase contra as mulleres. O PP cría na igualdade de dereitos entre as mulleres e os homes, e desde logo había moitas mulleres no seu partido que día a día traballaban para elo.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- Instar á Xunta de Galicia a derrogar os seguintes textos lexislativos por non dotaren de servizos nin recursos ás mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por supoñer un retroceso de décadas na igualdade:

. Lei de apoio á muller embarazada.

. Lei de apoio á familia e convivencia de Galicia.

- Mostrar o seu total rexeitamento co Anteproxecto de Lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado do acordo ao goberno do Estado esixindo a súa total retirada.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG

Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP.

Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

8.2.- MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR A ASISTENCIA SANITARIA AOS GALEGOS QUE SAIAN FÓRA DO ESTADO POR MÁIS DE 90 DÍAS.-

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 6 de febreiro de 2014, con entrada municipal do día 17 de febreiro e número de rexistro 989. De seguido o Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 20 de febreiro de 2014.

Na defensa da moción **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG, explicou o sentido da mesma. Con ela perseguíase que aqueles galegos que tiveron que marchar ao estranxeiro na busca de mellores oportunidades de traballo ou por necesidade conten coa asistencia sanitaria, xa que aos noventa días de abandonar o país, quedaban privados deste servizo.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** estaba a prol da moción. No obstante, insistía en que había que enmarcala dentro das medidas que supuñan recortes nos dereitos. Coa situación actual, a raíz desa norma de decembro do ano pasado, tras os noventa días perdían a cobertura sanitaria. Había que corrixir esta situación.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, tamén amosou a súa disposición a apoiar a moción. Había unha realidade que atender, e a atención médica era necesaria.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que había unha mala interpretación desta norma ditada a finais do mes de decembro pasado. Este Real Decreto viña a recoñecer a magnífica sanidade que temos en España, unha das mellores do mundo, xunto coa sanidade de Gran Bretaña. Aquí, por exemplo, non se cobraba por acudir ao médico, como si sucedía noutros países.

Cando unha persoa vai ao estranxeiro, por exemplo a Europa, e pasa máis de noventa días, ten a tarxeta sanitaria europea, e polo tanto goza do dereito á sanidade. Aquí en España, mesmo un parado de longa duración ten dereito á asistencia sanitaria, cumprindo os requisitos das normas vixentes.

Polo tanto non entendía a moción, e coidaba que había unha errónea interpretación da mesma.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** insistiu no contido da moción. Non era de recibo o que dicía o voceiro popular porque non era certo. Os que saen de España e levan máis de noventa días fora perden o dereito á asistencia sanitaria estatal. Isto era certo.

De novo **D. Román Rodríguez González**, volveu insistir en que, nestes casos, a persoa en cuestión terá dereito a reclamar a asistencia sanitaria europea, a alemana ou a francesa, segundo o destino e os país. Por exemplo se hai copago nese país, terá que abonar o mesmo que os nacionais.

Por alusións **D. Xesús Cordeiro Budiño** insistiu en que a sanidade dependerá do país onde estea e da normativa propia dese país. Sinalou que en moitos lugares ese dereito estaba restrinxido e moi limitado. Na moción, reclamaba que volvesen estas persoas a ter a sanidade estatal coa que contaban.

Había un cambio importante na regulación deste dereito. O seu grupo estaba en contra porque limitaba a asistencia médica aos que se marchaban por situación de necesidade e pasaban a depender das condicións que o país de recepción sinala ou teña establecidas.

Houbo de seguido un debate entre os dous voceiros anteriores.

Finalmente **D. Manuel María González Aller** sinalou, en referencia ao voceiro popular, que algunhas cousas das que dicía eran verdade, pero o certo era que o dereito á sanidade estaba en función do país onde se fose, e coas condicións e límites que existan na normativa sanitaria do mesmo. Houbo, pois, un cambio sobre a normativa anterior e para peor.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- Rexeitar a exclusión de atención sanitaria pública gratuíta pola eliminación do dereito á asistencia sanitaria, das persoas que permanezan máis de 90 días fóra do Estado nun ano natural ou non residentes no Estado español, adoptado polo goberno do Estado no Real Decreto Lei 16/2012.

- Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado a derogación desta medida e traslade o seu rexeitamento.

- Instar á Xunta de Galicia a que, mentres non se proceda a derogar o real decreto lei, asuma e garanta a atención sanitaria dos galegos e galegas que saian fóra do Estado español por un período superior aos 90 días, conservando a tarxeta sanitaria en vigor.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2)

dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

9.1. ROGOS.

Non houbo.

9.2.- PREGUNTAS.

Presentadas de xeito verbal durante a sesión:

PSdeG-PSOE: D. Manuel M^a González Aller.

1ª. PREGUNTA.- ¿Cal foi a reacción do Sr. Alcalde diante do anuncio da Xunta de Galicia no sentido de que estaba a estudar a devolución dos terreos expropiados aos propietarios dos mesmos afectados polas obras de acondicionamento do río Pontañas e de todo o seu traxecto?

En resposta á primeira pregunta o Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que sobre os terreos do paseo do río Pontañas non había, a día de hoxe, notificación algunha, oficial ou extraoficial.

Sobre o fondo do problema, afirmou que había, pois, que interpretar o sentido das novas aparecidas na prensa e sobre todo das sentenzas.

En principio os terreos das marxes do río eran de dominio público e non estaban afectados.

Lembro que inicialmente o importe a abonar eran preto de oito millóns de euros. Cando era conselleiro Manuel Vázquez Fernández (Pachi) díxolle que con medio millón de euros máis se arranxaba todo, e terminaban os procesos pendentes. Este conselleiro non lle fixo caso. Unha sentenza posterior estimou a indemnización en vinteseis millóns; hoxe a débeda podía rondar os trinta millóns. A contía debía pagala Augas de Galicia, e ata hoxe non o fixo efectivo. Non sabía o que pasaría no futuro, pero confiaba que todo seguirá coma hoxe, e que os lalinenses seguirían a disfrutar do mesmo.

O Concello pediu a doazón ou a celebración dun convenio sobre o dito paseo o ano pasado en xuño, (confirmado polo Sr. Secretario), para facerse cargo da conservación e do mantemento do mesmo. Asinouse o convenio, e así estabamos.

Tamén indicou que se cumpriu a sentenza no caso da Carballeira da Crespa, co traslado da mesa longa de pedra de César Portela. A Xunta de Galicia daquela considerou que non procedía pedir a inexecución da sentenza por imposibilidade, e houbo que levala para a zona do Rodo, aínda que en parte si que se podía plantexar.

En resumo non había nada oficial no Concello sobre isto e confiaba en que os lalinenses continuarían a disfrutar do Paseo do Pontañas.

2ª.- PREGUNTA.- En relación coa Feira do Cocido e coa comida oficial. ¿Todos os comensales pagaron o seu prato? ¿Había invitados? ¿Quen se fixo cargo dos gastos ocasionados?

O Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que a organización e polo tanto a celebración da Feira do Cocido saíu mallada. Ademais houbo sorte en canto as

condicións metereolóxicas do día, que non choveu. En canto á gala da Gastronomía do venres 22 de febreiro 2014 saíu moi ben, tivo un share de entre 15 e 24 puntos de audiencia.

Criticou que o PSOE non participaba e criticaba. Nomeáronse varios comendadores. Había xente importante como a cúpula directiva de Banesco, o Sr. Cerezo, Presidente do Atlético de Madrid, club de fútbol, a Directora Xeral de Tráfico, o deputado D. Román Rodríguez González e outros. Tentou reducir os políticos asistentes e a proba delo era que só había catro comendadores na mesa presidencial que o fosen.

Estaba moi satisfeito. A Feira do Cocido deste ano estaba mallada e todo o que se facía era en beneficio de Lalín.

A comida oficial foi no hotel Torre do Deza e custou a 25 €, sendo o prezo máis barato que se conseguiu, aínda que o prato tiña de todo. Asistiron unhas trescentas persoas e custou uns sete mil cincocentos euros.

Lembrou que falou co administrador concursal da empresa. Este informoulle da situación da mesma, das expectativas, de que había varios interesados, pediulle que botase unha man e axudase a salvar a empresa para que fose viable.

Sobre as invitacións dixo que se enviaban coma sempre e tiña, coma todos, algúns compromisos. Todos os anos invítase a moita xente, uns veñen e outros non. O resultado final é o que había que mirar e non só en aspectos ou actos illados.

PGD.- D. Camilo Conde López.-

1ª PREGUNTA.- En relación co proxecto por el presentado de sacar adiante a fabricación ou elaboración artesanal dun queixo curado (enténdese de vaca) do tempo da nabiza. ¿Cal é o interese real do Concello por este produto da gastronomía e que pode servir como axuda aos gandeiros? ¿A cantos gandeiros lles trasladou esta iniciativa ou pediu opinión ou invitou a colaborar no dito proxecto?

O Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que os afectados serían os gandeiros que voluntariamente quixeran participar nesta iniciativa. Avisouse a algúns deles. Aquí ao Concello non chegou ningún escrito sobre o tema. Estaban abertos a recibir apoios.

2ª PREGUNTA.- En relación co proxecto anterior, vai o Concello aportar algunha achega económica a dito proxecto. En caso de resposta negativa: ¿Como ou de que forma vai colaborar no financiamento do dito proxecto?

O Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, indicou que había formas de buscar financiación, por exemplo no GDR Terras de Deza, sempre que a iniciativa estea e cumpra unha serie de parámetros; tamén estaba o IGAPE e a Xunta de Galicia.

Presentadas de xeito escrito:

PSdeG-PSOE: D. Manuel Mª González Aller e D. J.A. Cristóbal Vázquez Fernández.

Presentadas mediante escrito de data 22 de febreiro de 2014, con entrada municipal de 24 de febreiro de 2014 e número de rexistro 1145.

1.- PREGUNTAS QUE FORMULAN OS CONCELLEIROS EN RELACIÓN COA ELABORACIÓN DO CARTEL DO COCIDO.

Descoñecendo os que subscriben cando e como se encargou, o pasado 14 de decembro tivo lugar en Lalín a presentación do cartel oficial da edición número 46 da Feira do Cocido no que participaron a súa “autora” Pilar Taboada, o concelleiro de turismo e o propio

Alcalde. En todo momento se presenta como autora do cartel a dita artista local que é quen asina, a propia artista comenta a obra **sen a máis mínima referencia á participación de segundas ou terceiras persoas**, e o propio Alcalde eloxia publicamente – segundo recolle a prensa textualmente- **“a capacidade creativa e plural de Taboada”**.

O día 1 de febreiro a asociación cultural **O Naranxo** demostra publicamente que as imaxes dos porcos utilizados na elaboración do cartel **son idénticos aos dun ilustrador norteamericano**, o que como mínimo, e xa sen entrar sequera en consideracións de plaxio, **dinamita a orixinalidade dunha obra** que teoricamente era o froito da capacidade creativa e plural dunha artista local.

Pero a maior sorpresa estaba por chegar, pois ó día seguinte enterámonos pola propia artista (que forzada polos acontecementos véese na obriga de dar unha rolda de prensa para intentar desmentir a existencia de plaxio) de que **a encargada da elaboración do cartel foi “unha colaboradora súa, artista e deseñadora gráfica de profesión”**.

En consecuencia a historia do cartel deste ano resúmese no seguinte: alguén do concello -non dubidamos de que o propio Alcalde- encarga a unha artista local a elaboración do cartel do cocido, dita artista asina o cartel, pero logo resulta que a súa elaboración “subcontrátase” a unha **segunda persoa**, e a cousa aínda no queda así, pois practicamente todas as imaxes que aparecen na obra son dunha **terceira persoa**. *¿E que dixo o Grupo de Goberno, o concelleiro de turismo ou o Alcalde de todo isto que, mírese por onde se mire e tendo en conta sobre todo que se ocultou todo isto na presentación do cartel (momento oportuno para explicar como e por quen se elaborou), é unha **tomadura de pelo, un engano e un fraude?**,*

Pois o de sempre en casos similares: silencio sepulcral.

Por todo o exposto, fórmulanse ó Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

1ª.- ¿Que persoa, persoas ou órgano competente do concello encargou a elaboración do cartel do cocido da presente edición?

O Sr. Alcalde-Presidente respondeu ao final.

2ª.- ¿Pagouse ou vai a se pagar algo pola elaboración do cartel? En caso afirmativo: ¿Que cantidade total?

O Sr. Alcalde-Presidente respondeu ao final.

3ª.- Despois de todo o que se puxo en evidencia sobre a elaboración do cartel, ¿É consciente esa alcaldía do ridículo que fixo na súa presentación eloxiando a creatividade e a orixinalidade da súa “autora”. ¿Vai a adoptar algún tipo de medida?

O Sr. Alcalde-Presidente respondeu ao final.

4ª.- ¿Vai a asumir alguén as responsabilidades dun ridículo deste calibre?

O Sr. Alcalde-Presidente respondeu ao final.

5ª.- ¿Vai a seguir no futuro elixindo a dedo a persoa encargada da elaboración dos carteis do cocido?

Co documento das preguntas diante, o *Alcalde-Presidente*, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o cartel o encargou el mesmo á pintora Pilar Taboada, de Soutolongo. “Engarguei eu o cartel á dita artista”, afirmou. Nunca lle marquei ideas nin condicionei o debuxo ou o cartel. Coidaba que ela sempre actuou de boa fe.

Non se pagou nada polo cartel. Ela encargou unha parte do traballo a outra persoa. Esta persoa foi a que buscou datos e debuxos nalgún banco de datos e debuxos en internet, e de aí sacou varias figuras.

A pintora só traballou na idea do cartel, ao parecer. Ao final resultou positivo que se falase do cartel da feira deste ano.

De novo **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que a pintora non fixo o cartel. Encargou a unha persoa distinta que o fixera. Non houbera pasado nada se na presentación así o explicase. Pero asumiu que foi dela e a xente sentíase enganada. Fíxose o ridículo.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que houbo polémica co tema e iso era bo para a Feira do Cocido. Reiterou que a pintora Pilar Taboada deu a idea e encargou a unha persoa distinta o resto do cartel. Logo esta persoa fixo a composición completa e empregou materiais, debuxos ou composicións que non eran súas, e xa estaban utilizadas en internet.

E, sendo as doce horas e cincuenta e dous minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente